

DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL NA AULA



PRIMARIA

www.stegsindicato.org

Actividades
para trabalhar a
diversidade afectiva
e sexual na aula



ACTIVIDADE 1

COMEZAMOS POR UN CONTIÑO

Ler un conto: TITIRITESA

Actividade para os máis miúdos de Educación Primaria: de **6 a 10 anos**.

Texto: Xerardo Quintiá

Ilustracións: Maurizio A. C. Quarello

Col. O. OQO Editora. Pontevedra, 2007

A profesora ou profesor debe preparar previamente a lectura en alto. E ademais tentar incluír ao alumnado facéndolles repetir algunhas frases ou fórmulas que eles poidan facer facilmente. Se ve que o alumnado pode ler fluidamente poden ser elas e eles mesmos quen lean cada parte da historia.

Segundo se vai lendo o conto é bo ensinarlles a alumnas e alumnos os debuxos de cada páxina.

Despois de ler o conto pódese facer un cuestionario oral aos alumnos e alumnas:

● Cuestionario sobre TITIRITESA

- * Gostáchedes do conto?
- * Como se chaman as protagonistas? Como son?
- * Quen é Bufaldino?
- * Que cousas lles pasan?
- * Que pasa cando se di Trukulutrú?

● Outras actividades sobre TITIRITESA

- Tamén se pode dramatizar o conto na aula.
- Utilizar, para comparar, outro conto "tradicional" de princesas, incluso nas versións edulcoradas de Disney como "Rapunzel", e traballar nos estereotipos do conto. Facer comparativas entre os dous contos.
- Utilizar a película de Shrek (primeira parte) na escena nas que o ogro rescata a princesa Fiona (estereotipos) e na que a princesa Fiona se converte no seu verdadeiro ser (a beleza está no interior).



ACTIVIDADE 2

O CÍRCULO DOS DESEXOS

Actividade. Dinámica O círculo dos desexos

Reflexión sobre as apariencias e as diferenzas nas preferencias.

Actividade para idades entre **8 e 12 anos**. Material necesario: Lapis e papel.

Obxectivo: Reflexionar sobre as apariencias que se poderían asumir sendo diferentes seres e as preferencias tan diferentes que se teñen.

As respostas dos desexos desta actividade serán probablemente moi distintas, e así se valorará ao final da actividade. Pódeseles comentar aos nenos e nenas, que o mesmo pasa cos afectos e o amor. Tamén se lles pode falar do lema "Tod@s somos iguais, todos somos diferentes".

Desenvolvemento: Sentar aos nenos e nenas formando un círculo. Propoñer que cada participante escriba nun papel os seguintes desexos (pódense formar tamén pequenos grupos ou parellas). Exemplo: Se puidese ser un **animal** sería un león porque é fero.

- Se puidese ser un **paxaro** sería... porque...
- Se puidese ser un **insecto** sería... porque...
- Se puidese ser unha **árbore** sería... porque...
- Se puidese ser unha **flor** sería... porque...
- Se puidese ser un **moble** sería... porque...
- Se puidese ser un **instrumento musical** sería... porque...
- Se puidese ser un **edificio** sería... porque...
- Se puidese ser un **automóbil** sería... porque...
- Se puidese ser un **país** sería... porque...
- Se puidese ser un **xogo** sería... porque..
- Se puidese ser un **disco** sería... porque...
- Se puidese ser un **programa de televisión** sería... porque...
- Se puidese ser unha **película** sería... porque...
- Se puidese ser un **alimento** sería... porque...
- Se puidese ser unha **cor** sería... porque...
- Se puidese ser unha **rúa** sería... porque...

Ao finalizar, reflexionar sobre as seguintes cuestións:

-Houbo moitas respostas iguais?

-Cres que algunhas preferencias son mellores ca outras?

E pódense engadir unhas actividades complementarias:

-Realizar un táboa coas respostas dos nenos e das nenas, utilizar tamén os estereotipos, por qué elas escollen unhas cousas e eles outras?... Utilizar só esta actividade se nas respostas se observa unha grande diferenza sexista.

-Utilizar a película O Mago de Oz: valores e sentimentos: o león: medo / o espantallo: descerebrado, irreflexivo / o home de folla de lata: sen corazón

Actividade tirada de *Derechos Humanos y Diversidad Afectivo-Sexual. Al derecho y al revés. Materiales para la educación en DDHH*. De Amnistía Internacional

ACTIVIDADE 3

UN CONTO SOBRE DIVERSIDADE FAMILIAR

Ler un conto: Las cosas que le gustan a Fran

Actividade para os máis miúdos de Educación Primaria: de **6 a 10 anos**.

Texto: Berta Piñán

Ilustracións: Antonia Santolaya Ruiz-Clavijo

Editorial: Hotel Papel. Colección: VioletaInfantil. Madrid, 2007

Despois de ler o conto responder as seguintes preguntas:

- * Que cousas lle gustan a Fran?
 - * Que cousas lle gustan á mami de Fran?
 - * Por que sabemos que mami e Fran se queren?
 - * Que persoas coñeces que se queren? Por que sabes que se queren?
 - * Que cousas facemos pola xente que queremos? Que cousas fan as persoas que nos queren por nós?
 - * Quen quere á nena do conto? Por que o sabes?
 - * Quen te quere a ti? Por que o sabes?
 - * E a quen queres ti? Que fas para que as persoas que queres saiban que as queres?
- * Pregunta na casa por que sodes unha familia. Por que queredes vivir xuntas? Pregunta que é o que máis quere, o que máis lle importa no mundo ás persoas da túa familia.
- * Debuxa a familia da nena do conto, logo debuxa tamén a túa. Debuxa as distintas familias que hai e pensa se coñeces algunha.



Pódese ver o conto
Las cosas que le gustan a Fran
narrado nunha curtametraxe
de catro minutos e medio.

LIGAZÓN

<http://www.youtube.com/watch?v=aU-Q37G9SX8>

ACTIVIDADE 4

ANALIZAR IMAXES: FAMILIAS DIVERSAS

Describir as diversas familias que aparecen nos debuxos

Actividade para todos os ciclos de Educación Primaria: de **6 a 12 anos**.



ACTIVIDADE 4

ANALIZAR IMAXES: FAMILIAS DIVERSAS (E 2)

Describir as diversas familias que aparecen nos debuxos



- * Cantos tipos de familia hai nos debuxos?
- * Ocorrésese algún tipo de familia máis?
- * Se queres podes debuxar a túa familia.